

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 15 de xullo de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e quince minutos do día quince de xullo de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(789).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(790).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE APOIO A CEDRO. EXPTE. 1850/315.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta da secretaria da Mesa de Contratación realizada o 10-07-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación do servizo de apoio a CEDRO (expediente 1850/315), na seguinte orde decrecente:

-CLECE, S.A.: cunha puntuación de 85 puntos.

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CLECE, S.A., para que presente no prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que se recibise o requirimento, a seguinte documentación (art. 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de se achar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo de garantía definitiva.

Terceiro.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 623,24€ en concepto de custe dos anuncios de licitación.

Cuarto.- Conforme coa delegación acordada pola Mesa de Contratación na súa sesión de data 27-07-11, a secretaría da mesma procederá a formular ao órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

3(791).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 80269/301.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta da secretaria da Mesa de Contratación realizada o 10-07-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento das seguintes exclusión acordadas pola Mesa de Contratación:

Na sesión de 3 de xuño de 2013 acordouse “non admitir á licitación a oferta presentada por SERVICIOS SOCIAIS Á COMUNIDADE, S.L., xa que no sobre que contén a documentación persoal incluíu o prezo proposta para a prestación do servizo”. Esta circunstancia foille notificada ao licitador en data 04 de xullo de 2013.

Na sesión de data 12 de xuño de 2013 se acordou excluír a INSTITUTO DE GESTIÓN SANITARIA, S.A.U., porque “presentou certificado emitido pola Xunta de Galicia de estar inscritos no Rexistro único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais dependente da Consellería de Traballo e Benestar pero non acreditou a solvencia técnica xa que as certificacións ou documentos que acrediten a boa execución de contratos de servizos ou traballos similares aos do obxecto do contrato presentadas non chegan ao custe anual do contrato e ademais os contratistas destes son Unións Temporais de Empresas nos que non se informa da porcentaxe de participación do licitador”. Esta exclusión foille notificada ao licitador en data 4 de xullo de 2013.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación do Servizo de Axuda no Fogar (expediente 80269/301) na seguinte orde decrecente:

CLECE, S.A., cunha puntuación de 99,5 puntos.

QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A.U., cunha puntuación de 87,94 puntos.

VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA, cunha puntuación de 84,65 puntos.

EULEN SERVICIOS SOCIO-SANITARIOS, S.A., cunha puntuación de 81,73 puntos.

FUNDACIÓN PARA EL ESTUDIO Y LA PROMOCIÓN DE LA ACCIÓN SOCIAL, cunha puntuación de 56,39 puntos

GERIATROS, S.A.U., cunha puntuación de 33,81 puntos.

Terceiro.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, CLECE, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de se achar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva.

Cuarto.- Requiritur ao citado licitador o aboamento de 627,86 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

Quinto.- Conforme á delegación acordada pola Mesa de Contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ao órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

5(792).- ALLEAMENTO DE 140 COLECTORES METÁLICOS PROCEDENTES DO SERVIZO DE LIMPEZA. EXPTE- 4372/241.

Examinadas as actuacións do expediente e visto o informe-proposta de data 10-07-13, da técnico de Admon. Xeral do servizo de Contratación, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a SAMPER-REFEINSA GALICIA, S.L. o procedemento negociado con publicidade para a contratación do alleamento de 140 colectores metálicos

(expediente 4372-241) por un prezo total de 8.085 € (sen IVE, en aplicación do artigo 84.UNO.2.a)da Lei 37/92).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

6(793).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE MELENDI NO AUDITORIO DE CASTRELOS. EXPTE. 5128/335.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta de data 12-07-13, da técnica de Admon. Xeral de Contratación, visto o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal de data 15-07-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego de cláusulas administrativas particulares, as proposicións admitidas no procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística de Melendi no Auditorio de Castrelos (expediente 5128-332) no seguinte orde decrecente:

1. SIN NOTICIAS DE HOLANDA, S.L.

Segundo.- Adxudicar a SIN NOTICIAS DE HOLANDA, S.L., o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística de Melendi no Auditorio de Castrelos (expediente 5128-332) por un prezo de 70.000 euros, sendo a cota correspondente o IVE de 14.700 euros, o que supón un prezo total do contrato de 84.700 euros IVE engadido.

Todo ilo de acordo coa oferta presentada e os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente licitación

Terceiro.- O aboamento do prezo se realizará mediante a conta de habilitación de Festas número 2080.5000.61.3110277249.

7(794).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE AUXILIAR DE LABORATORIO E DE DIPLOMADO EN ENFERMERÍA. EXPTE. 24250/220

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do 08-07-13, do técnico de organización e planificación de RR HH, conformado pola xefa de área e polo concelleiro-delegado; visto así mesmo o informe da Intervención Xeral do 12-07-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder ó nomeamento dun/dunha funcionario/a por acumulación de tarefas, como auxiliar de laboratorio, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de dous meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades da Unidade asistencial de drogodependencias (CEDRO), contidas nos escritos de datas 18 de abril e 14 de xuño de 2013 subscrito polo Director de CEDRO e conformado pola Concelleira-delegada da Área de Política de Benestar e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 5.280,24€ con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte ao referido nomeamento.

Segundo.- Declara-la urxencia para proceder ó nomeamento dun/dunha funcionario/a por acumulación de tarefas, como diplomado/a en enfermería, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo dun mes, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades da Unidade asistencial de drogodependencias (CEDRO), contidas nos escritos aos que se refire o apartado primeiro desta proposta e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 5.280,24€ con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte ao referido nomeamento.

Terceiro.- Nomear funcionaria interina por acumulación de tarefas como Auxiliar de Laboratorio por un período máximo de dous meses, á D^a. LUCIA PÉREZ ÁLVAREZ, DNI 36.169.596-A, aspirante que superou tódolos exercicios do último proceso de selección de persoal convocado para o nomeamento de auxiliares de laboratorio por acumulación de tarefas autorizada pola Xunta de Goberno Local de data 19 de abril de 2010, de conformidade coas bases da mesma e a Instrucción conxunta das Secretarías Xerais para a Administración Pública e de Orzamentos e Gastos sobre procedementos de autorización de contratos de persoal laboral e nomeamento de funcionarios interinos, así como co disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Cuarto.- Nomear funcionaria interina por acumulación de tarefas como Diplomada en Enfermería por un período máximo dun mes, á D^a. ANA BELÉN FORTES LORENZO, DNI 53.180.217-P, aspirante que superou tódolos exercicios do último proceso de selección de persoal convocado para o nomeamento de diplomados en enfermería por acumulación de tarefas autorizada pola Xunta de Goberno Local de data 22 de febreiro de 2013, de conformidade coas bases da mesma e a Instrucción conxunta das Secretarías Xerais para a Administración Pública e de Orzamentos e Gastos sobre procedementos de autorización de contratos de persoal laboral e nomeamento de funcionarios interinos, así como co disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Quinto.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os dous meses/un mes, dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 141-auxiliar de laboratorio- e 85-Diplomado/a en Enfermería, da R.P.T vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións de datas 11 de outubro e 2 de novembro de 2010, 1 e 15 de xullo de 2011, 11 e 25 de novembro de 2011, 29 de decembro de 2011, 27 de xaneiro, 9 de marzo, 27 de abril de 2012, 2 e 9 de xullo de 2012 e, 2 de febreiro, 26 de marzo e, 12 de abril de 2013, publicadas no BOP de data 16 de novembro de 2010, 26 de marzo, 23 de maio, 3 de agosto, 18 de setembro de 2012 e no BOP de 27 de febreiro e, 8 de maio de 2013, respectivamente.

Sexto.- A xonada laboral das traballadoras nomeadas, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do Servizo fose necesario.

Sétimo.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

rs/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.